

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER E DA IGUALDADE PARA O ANO 2019

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER E A IGUALDADE PARA O ANO 2019

Primeira.- Definición

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Muller e Igualdade para o ano 2019 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase ademais, nestes momentos de crise económica, eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal.

Segunda.- Obxecto da subvención

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto a concesión de subvencións, durante o ano 2019, ás asociacións e vogalías da muller de entidades veciñais ou culturais debidamente constituídas en asemblea demostrable a través da presentación da correspondente acta, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela, para o desenvolvemento de actividades e programas de promoción da muller e da igualdade cuxa finalidade sexan:

- A promoción da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos.
- A prevención e o tratamento da violencia de xénero.
- A formación, orientación e asesoramento cara a busca ou consolidación do emprego.
- A promoción da conciliación, corresponsabilidade e igualdade nos fogares.
- A promoción da saúde e o autocoidado en problemáticas específicas de muller.
- O fomento da promoción persoal e a adquisición en habilidades sociais das mulleres en risco de exclusión.
- A difusión dos dereitos das mulleres e a historia dos movementos reivindicativos das mulleres e a promoción da participación das mulleres no eido social, cultural e artístico.
- A promoción do deporte entre as mulleres.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Terceira.- Importe da subvención

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 14.000 euros con cargo á partida 2311B.489.0000 do orzamento vixente.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvencións poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo con outras subvencións concedidas polo Concello de Redondela.

Cuarta.- Entidades beneficiarias

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións destas bases e convocatoria todas as asociacións de mulleres e vogalías da muller de entidades veciñais ou culturais debidamente constituídas en asemblea demostrable a través da presentación da correspondente acta, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela, e que contén con representación no Consello Municipal da Muller.

Para poder ser beneficiaria desta subvención as asociacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser unha entidade sen ánimo de lucro.
- b) Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.
- c) Levar inscrita no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Redondela como mínimo 6 meses dende a data de publicacións destas bases e convocatoria.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases e convocatoria en quen se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Documentación

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte.

Se as entidades non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que subsane as deficiencias en dez días, con indicación expresa de que se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no Rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que a persoa representante da asociación autorice a este Concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

Sexta.- Prazo de solicitude

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal) e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de solicitude é de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétima.- Concesión de subvencións

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas e dos anexos que as acompañan coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos seguintes criterios de valoración, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada na base Terceira.

As entidades solicitantes poderán solicitar axudas para un máximo de unha actividade.

1.- Repercusión na parroquia téndose en conta o número de participantes na actividade de acordo coas seguintes condicións.

- Un punto por cada participante.
- No caso de que participen mulleres e homes, sumaranse cinco puntos máis no total.

Será obrigatorio presentar unha listaxe co nome e número de DNI de cada persoa participante na actividade obxecto destas bases e convocatoria (anexo III).

Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

2.- Duración no tempo das actividades a realizar de acordo co seguinte baremo.

Duración	Puntos
Máis de 100 horas	50
Entre 81 e 100 horas	40
Entre 51 e 80 horas	30
Entre 25 e 50 horas	20
Menos de 25 horas	10

3.- Tipo de actividade de acordo co seguinte baremo.

Contido da actividade	Puntos
Prevenición e tratamento da violencia de xénero	100
Promoción da igualdade real e efectiva de mulleres e homes en talleres, charlas, foros, etc, con esa temática central, impartidos por persoal cualificado	60
Formación para o emprego	40
Conciliación e corresponsabilidade	30
Promoción da saúde	30
Integración de mulleres en risco de exclusión	30
Difusión dos dereitos, as artes, a historia e a cultura feminina e promoción da participación das mulleres no eido social, cultural e artístico	20
Promoción do deporte nas mulleres	20

A cantidade prevista na Base Terceira para estas subvencións dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as actividades para as que se solicita a axuda. O cociente desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada actividade, sendo o devandito resultado o importe da subvención que se proporá outorgar polo Concello. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

O importe da subvención reducirase en todo caso ata o importe solicitado pola entidade no caso de que este sexa inferior.

Oitava.- Procedemento

A instrución do procedemento corresponderalle á funcionaria Sandra Alonso Plata, ou na súa ausencia a/o funcionaria/o que propoña a Alcaldía, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a subsanación de deficiencias.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Avaliadas as solicitudes pola instrutora segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases e convocatoria, elevarase a unha comisión de valoración integrada pola concelleira de Muller e Igualdade, Dona María Teresa París Blanco, que actuará como Presidenta, a concelleira Dona María Carmen Amoedo Dasilva e o concelleiro Don Jesús Crespo López, actuando como suplentes Dona María José Barros Barciela e Don Arturo González Barbeiro, e dúas traballadoras do Concello, Dona Marina Iglesias Bernárdez e a funcionaria instrutora do procedemento, que actuará como Secretaria con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución de Alcaldía.

A instrutora, tras a acta da comisión, formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou a instrutora utilizaran datos diferentes dos aportados polas entidades abrírase un prazo de dez días para que todas as entidades interesadas puideran presentar as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a esta Base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar as entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, a instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Novena.- Resolución

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partires da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, do 3 de xuño, contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada,



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

de acordo co artigo 24.2 da Lei 39/2015 podendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partires da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

Décima.- Prazo de notificación

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

Undécima.- Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1.- Cumprir co obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

2.- Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5.- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

6.- Facer constar naquelas actividades que así o permitan, que conta coa subvención do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

7.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.- Desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.

9.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorrera o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Duodécima.- Xustificación e pagamento

A xustificación deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello de Redondela antes do 15 de novembro do ano da solicitude.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días naturais a petición razoada da entidade solicitante e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención contando os quince días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante, farase coa presentación no Rexistro de entrada do Concello dos formularios correspondentes (anexos VI, VII, VIII, IX e X) debidamente cubertos, que conterá a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

A súa vez, aquelas entidades beneficiarias ás que se lle outorgue unha subvención que superase os 3.000 euros deberán achegar certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social salvo que autoricen ao Concello a que recabe eses datos. O resto de entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

As facturas deberán conter en todo caso os seguintes datos:

1.- Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

2.- Identificación completa do/a provedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.- Número de factura.

4.- Lugar e data da emisión da factura.

5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.- Período que corresponda.

7.- Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar; salvo naquelas facturas de importe superior a 1.000 €, nas que deberá constar o xustificante do pago a través de banco.

No caso de xustificar o gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/o secretaria/o da entidade beneficiaria no que se estableza cal é a porcentaxe do importe da devandita nómina ou seguro social que se imputa á xustificación.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria, se non se deduce claramente da nómina, deberá constar certificado da/o secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2019.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras administracións públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases e convocatoria, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da Base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a Concelleira de Muller e Igualdade a partires das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta da Concelleira e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa á que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

Se deberá xustificar ao menos un 20% máis do importe subvencionado para cada actividade. É dicir, para recoñecer a obriga do pago do 100% do importe subvencionado, se deberá xustificar unha cantidade equivalente ao 120% do importe da subvención. De non ser así, o importe subvencionado se verá reducido na cantidade proporcional.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revocación da concesión da subvención.

Décimo terceira.-Publicidade do procedemento da concesión da subvención da convocatoria

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela e no taboleiro de anuncios do Concello. Asemade cando algunha das subvencións concedidas a unha entidade beneficiaria sexa superior a 3.000 euros procederáse á publicación no Diario Oficial de Galicia dun extracto do acordo de concesión das subvencións indicando os lugares onde se atopa exposto o seu contido íntegro. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Décimo cuarta.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do correspondente xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro de acordo co establecido nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As cantidades a reintegrar terán carácter de dereito público.

Décimo quinta.- Inspección e control

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Décimo sexta.- Infraccións e sancións

Estas bases e convocatoria quedan en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima.- Réxime xurídico aplicable

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con ela efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións.
- 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 4.- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- 5.- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.
- 6.- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 7.- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- 9.- As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela.
- 10.- Demais normativa aplicable.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCION DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019****Solicitude de subvención (Anexo I)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Datos da entidade solicitante	
Nome	
CIF	
Enderezo (rúa, número, localidade, código postal)	
Teléfono / Fax	
Correo electrónico	

Datos da persoa representante da entidade	
Nome e apelidos	
Cargo da/o representante	
NIF	
Enderezo (rúa, número, localidade, código postal)	
Teléfono	

EXPÓN:

- Que acepta, despois de ler e coñecer, as Bases e convocatoria de subvencións para actividades de promoción da muller e a igualdade para o ano 2019.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.
- Que autorizo ao Concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

SOLICITA:

Que se lle conceda unha subvención polo importe de _____ euros para a realización da actividade que se detalla no anexo II conforme ás Bases e convocatoria para a concesión de subvencións para actividades de promoción da muller e a igualdade para o ano 2019.

Documentación que se achega

- Solicitude (anexo I).
- Memoria detallada da actividade (anexo II).
- Relación das persoas participantes na actividade obxecto da axuda (anexo III).
- Declaracións responsables (anexo IV).
- Declaración doutras axudas (anexo V).
- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Fotocopia compulsada do DNI da/o Presidenta/e ou representante legal.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para subvencións para actividades de promoción da muller e a igualdade para o ano 2019.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgara, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Infórmasele do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, _____ de _____ de 2019.

Asdo.: (A/O Presidenta/e ou representante legal da entidade)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019**

Memoria da actividade (Anexo II)

Entidade	
-----------------	--

Denominación da actividade

Obxectivos

Descrición

Para actividades de promoción da igualdade
Tipo de actuación:
Nome da/o profesional que a desenvolve:
Cualificación/titulación:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HTRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Temporalización	
Data de inicio	
Data de finalización	
Días de realización	
Horario de realización	

Lugar de realización

Duración no tempo		
<input type="checkbox"/> Máis de 100 horas	<input type="checkbox"/> Entre 81 e 100 horas	<input type="checkbox"/> Entre 51 e 80 horas
<input type="checkbox"/> Entre 25 e 50 horas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> Menos de 25 horas

Material a empregar

Colaboración doutras entidades nesta actividade
<input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Si



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Orzamento detaiado da actividade**Gastos**

Concepto de gastos	Importe
Total gastos	

Ingresos

Concepto de ingresos	Importe
Outras subvencións de entes públicos (este importe coincidirá co total consignado no anexo V, se houbera esas achegas)	
Achegas propias da entidade solicitante	
Subvención solicitada ao Concello de Redondela (este importe coincidirá co importe solicitado no anexo I)	
Total ingresos (esta cantidade deberá coincidir co total de gastos)	

Tipo de actividade (A cubrir pola Administración)	
<input type="checkbox"/> Promoción da igualdade	<input type="checkbox"/> Formación para o emprego
<input type="checkbox"/> Prevención e tratamento da violencia de xénero	<input type="checkbox"/> Conciliación e corresponsabilidade
<input type="checkbox"/> Promoción da saúde	<input type="checkbox"/> Integración de mulleres en risco de exclusión
<input type="checkbox"/> Difusión dos dereitos e promoción da participación	<input type="checkbox"/> Promoción do deporte nas mulleres

Redondela, _____ de _____ de 2019

Asdo.: (A/O Presidenta/e ou representante legal da entidade)



Venres, 14 de xuño de 2019
Núm. 113

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019**

Relación de participantes (Anexo III)

Entidade	
Actividade	

Nº	Nome das persoas participantes na actividade	DNI

Dona/don _____ con número de NIF _____ como secretaria/o CERTIFICA que os datos deste anexo son verdadeiros.

Redondela, _____ de _____ de 2019

Asdo.: (A/O Secretaria/o da entidade)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER E A IGUALDADE PARA O ANO 2019

Declaración expresa responsable (Anexo IV)

Don/dona _____ con número de NIF
_____ en calidade de Presidente/a ou representante legal da entidade
_____ en relación
coa solicitude para tomar parte no procedemento para a concesión de axudas do
Concello de Redondela para a realización de actividades de promoción da muller e a
igualdade para o ano 2019

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que é unha entidade sen ánimo de lucro.

Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias
nin prohibicións a que se refire e enumera o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de
subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar
beneficiaria das axudas convocadas.

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal,
coa Facenda autonómica, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, o cal asino
en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se
aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en
anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada
e aprobada, ou ben ten presentado unha renuncia por escrito.

Que, en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que
se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a
entidade non incumpre ningunha obriga por reintegro de subvencións.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a persoa representante legal.

Redondela, _____ de _____ de 2019

Asdo.: (A/O Presidenta/e da entidade)



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019**

Declaración doutras axudas (Anexo V)

Don/dona _____ con número de NIF
_____ en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade

_____ solicitante das axudas do Concello de Redondela para actividades de promoción da muller e a igualdade para o ano 2019 en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
 Si, se me concedeu axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe

Axudas solicitadas:

- Non se solicitou ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
 Si, solicitouse axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a persoa representante legal da entidade.

Redondela, _____ de _____ 2019

Asdo.: (A/O Presidenta/e da entidade)



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019****Solicitud para xustificación (Anexo VI)**

Referencia (a cubrir pola Administración)	
---	--

Datos da entidade solicitante	
Nome	
CIF	
Enderezo (rúa, número, localidade, código postal)	
Teléfono / Fax	
Correo electrónico	

Datos da persoa representante da entidade	
Nome e apelidos	
Cargo da/o representante	
NIF	
Enderezo (rúa, número, localidade, código postal)	
Teléfono	

EXPÓN:

- Que no ano 2019 obtivo unha subvención do Concello de Redondela polo importe de _____ euros, para a actividade _____.
- Que a entidade cumpriu con todas as obrigas da Base Undécima das subvencións.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

SOLICITA:

Que conforme ás Bases e convocatoria para a concesión de subvencións para actividades de promoción da muller e a igualdade para o ano 2019 lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto da actividade.

Documentación que se achega

- Solicitud de xustificación (anexo VI).

- Memoria da actividade realizada (anexo VII).

- Declaración doutras axudas (anexo VIII).

- Declaracións responsables (anexo IX).

- Certificación dos datos bancarios da entidade (anexo X).

- Factura/s ou nóminas escaneados dos orixinais acreditativos dos gastos realizados e xustificantes do seu pagamento.

Redondela, _____ de _____ de 2019

Asdo.: (A/O Presidenta/e ou representante legal da entidade)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019****Memoria xustificativa (Anexo VII)**

Entidade	
-----------------	--

Denominación da actividade

Obxectivos

Descrición

Lugar de realización

Temporalización	
Data de inicio	
Data de finalización	
Día	
Horario	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Duración no tempo		
<input type="checkbox"/> Máis de 100 horas	<input type="checkbox"/> Entre 81 e 100 horas	<input type="checkbox"/> Entre 51 e 80 horas
<input type="checkbox"/> Entre 25 e 50 horas	<input type="checkbox"/> Menos de 25 horas	

Material empregado

Número de persoas participantes			
<input type="checkbox"/> Entre 0 e 12	<input type="checkbox"/> Entre 13 e 25	<input type="checkbox"/> Entre 26 e 35	<input type="checkbox"/> Máis de 35

Colaboración doutras entidades nesta actividade	
<input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si

Detalle do orzamento de gastos e ingresos

Concepto de gastos		Importe	
Total gastos			
(A cubrir pola Administración)		(A cubrir pola Administración)	
Gastos totais previstos		Gastos totais realizados	

Concepto de ingresos		Importe	
Outras subvencións de entes públicos (este importe coincidirá co total consignado no anexo VII)			
Achegas propias da entidade solicitante			
Subvención concedida polo Concello de Redondela (este importe coincidirá co importe recollido no anexo VI).			
Total ingresos (deberá coincidir co total do orzamento de gastos)			
(A cubrir pola Administración)		(A cubrir pola Administración)	
Ingresos totais previstos		Ingresos totais realizados	

Asdo.: (A/O Presidenta/e ou representante legal da entidade)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019**

Xustificación: Declaracións doutras axudas (Anexo VIII)

Don/dona _____ con número de NIF
_____ en calidade de presidente/a ou representante legal da
entidade _____
solicitante das axudas para actividades de promoción da muller e a igualdade para o
ano 2019 do Concello de Redondela en relación a outras axudas concedidas para a
mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas
entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.
- Si se me concedeu axuda para esta mesma finalidade.

Entidade que concede a axuda	Importe para o ano 2019

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a persoa representante legal da entidade.

Redondela, _____ de _____ de 2019

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HURP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCION DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019
Declaracións responsables (Anexo IX)**

Entidade	
CIF	

Representante	
NIF	
Enderezo	
Teléfono / Fax	
Correo electrónico	

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a persoa asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningunha das súas persoas administradoras ou representantes, se atopan incursoas en suposto ningún aos que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos que a propia Lei establece.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

No caso de obter unha subvención superior a 3.000 € AUTORIZO SI NON ao Concello de Redondela a recabar os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de responder non, deberán achegar os devanditos certificados.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro municipal de asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que, no caso de que a xustificación sexa electrónica, que as facturas presentadas están escaneadas das orixinais e que estarán en posesión da entidade durante catro anos para por a disposición do Concello de Redondela ou calquera organismo público que tivera que acceder a elas.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, _____ de _____ de 2019

Asdo.: A/ Presidenta/e ou representante legal da entidade

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER
E A IGUALDADE PARA O ANO 2019****Designación de conta bancaria e comunicación de baixa de datos bancarios
(Anexo X)**

Datos da persoa acreedora	
Nome	
CIF	
Enderezo	
Teléfono	

Datos da/o representante	
Nome e apelidos	
NIF	

Alta de datos bancarios	
A CUMPRIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO	
Certifico, a petición da persoa reflectida en "Datos da persoa acreedora" e a efectos da domiciliación dos importes que se lle remitan dende a Tesourería do Concello de Redondela, a existencia da conta referenciada en "Alta de datos bancarios", aberta a nome da/o titular que se reflicte no citado apartado "Datos da persoa acreedora".	
(Selo da entidade de crédito)	POLA ENTIDADE DE CRÉDITO
	Asdo.:

Baixa de datos bancarios	

Redondela, ___ de _____ de 2019

(Sinatura da persoa acreedora ou representante legal da entidade)

Asdo.: _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE REDONDELAPode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:HJRP8K9RCYF600AS

BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE LA MUJER Y LA IGUALDAD PARA EL AÑO 2019

Primera.- Definición

Estas bases y convocatoria tienen por objeto establecer los criterios y el procedimiento para la concesión de las subvenciones de la Concejalía de Mujer e Igualdad para el año 2019 de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

Se busca además, en estos momentos de crisis económica, eficiencia en la asignación y la maximización en el reparto de los recursos existentes para la realización de actividades que complementen o suplan a los de competencia municipal.

Segunda.- objeto de la subvención

Las presentes bases y convocatoria tienen por objeto la concesión de subvenciones, durante el año 2019, a las asociaciones y vocalías de la mujer de entidades vecinales o culturales debidamente constituidas en asamblea demostrable a través de la presentación de la correspondiente acta, que figuren inscritas en el Registro Municipal de Asociaciones del Concello de Redondela, para el desarrollo de actividades y programas de promoción de la mujer y de la igualdad cuya finalidad sean:

- La promoción de la igualdad real y efectiva de mujeres y hombres en todos los ámbitos.
- La prevención y el tratamiento de la violencia de género.
- La formación, orientación y asesoramiento cara la búsqueda o consolidación del empleo.
- La promoción de la conciliación, corresponsabilidad e igualdad en los hogares.
- La promoción de la salud y el autocuidado en problemáticas específicas de mujer.
- El fomento de la promoción personal y la adquisición en habilidades sociales de las mujeres en riesgo de exclusión.
- La difusión de los derechos de las mujeres y la historia de los movimientos reivindicativos de las mujeres y la promoción de la participación de las mujeres en el ámbito social, cultural y artístico.
- La promoción del deporte entre las mujeres.

Tercera.- Importe de la subvención

El crédito global que se dispone para el otorgamiento de las subvenciones a conceder será de 14.000 euros con cargo a la partida 2311B.489.0000 del presupuesto vigente.

En ningún caso el importe de la subvención podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con subvenciones o ayudas de otras Administraciones Públicas o de otros entes públicos o privados, supere el coste total de la actividad a desarrollar por la entidad beneficiaria. Si así fuese, este hecho daría lugar a una modificación de la resolución de la concesión. Así mismo, toda alteración de las condiciones para la concesión de las subvenciones podrá dar lugar, en su caso, a la modificación del acuerdo de concesión.



Venres, 14 de xuño de 2019

Núm. 113

Se declara la compatibilidad con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos para la misma finalidad, procedentes de cualquiera Administración o ente público o privado, nacional, de la Unión Europea o de organismos internacionales, salvo con otras subvenciones concedidas por el Concello de Redondela.

Cuarta.- Entidades beneficiarias

